

## **BASES DO SORTEO DA CAMPAÑA "UN VERÁN DE RIFAS EN BETANZOS" DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO**

A Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos, Centro Comercial Aberto (ACEBE CCA) organiza a Campaña "UN VERÁN DE RIFAS EN BETANZOS" que se desenvolverá entre o 12 e o 30 de xuño de 2023 e que consistirá no sorteo, mediante reparto de rifas, dun total de trinta e dous premios entre os clientes dos establecementos asociados á entidade.

### **PREMIOS**

Entre todos os participantes sortearanse 32 premios cun valor total de 1500 €.

Os premios foron mercados por ACEBE CCA en 32 establecementos asociados de diferentes sectores seleccionados por sorteo.

### **RELACIÓN DE PREMIOS**

	<b>PREMIO</b>	<b>IMPORTE</b>
1	TABLET LENOVO TB-X606F TAB M10 CON FUNDA E PROTECTOR DE INFOR B	300 €
2	KIT DE VIAXE DE BELEZA E COIDADADO PERSOAL DE PELUQUERÍA ELENA	200 €
3	VALE DE 100 € DE OUTFIT	100 €
4	VALE DE 50 € PARA CONSUMIR EN DTRES TRATAMIENTOS ESTÉTICOS	50 €
5	VALE DE 50 € PARA CONSUMIR EN BC ILUMINACIÓN	50 €
6	VALE POR UNHA SESIÓN DE FOTOS DE SELPERIA	50 €
7	VALE PARA HIXIENE BUCAL EN CLÍNICA DENTAL LOSADA SERRANO	50 €
8	VALE DE 30 € CLÍNICA DE ACUPUNTURA E MASAXE KOREA HAN	30 €
9	DÉCIMO DE LOTERÍA DE NADAL DE ADMINISTRACIÓN DE LOTERÍAS O GLOBO	20 €
10	PICHI DE PROFESORA DE MARÁN	20 €
11	VALE DE 20 € DE MERCERÍA O CARRETE	20 €
12	VALE DE 30 € DE SUPERMERCADO FROIZ	30 €
13	BOTELLA TÉRMICA TANDEM 750 ML. DE LIBRERÍA BREA	20 €
14	CESTA DE PRODUTOS GOURMET DE CASA SEGUNDO	20 €
15	VALE DE 20 € DE CONFECCIONES CHELA	20 €
16	CESTA VARIADA DE PARAFARMACIA SELGAS	20 €
17	AURICULARES BLUETOOTH RADIO FM DE WARNIER	20 €
18	TARXETA REGALO DE 20 € DE DANS	20 €
19	VALE DE 20 € PARA VIA MAR MATERIALES	20 €
20	VALE DE 20 € DE EL CANTÓN ROPA INTERIOR	20 €
21	VALE PARA MASAXE RELAXANTE EN NATURALÍSIMA	20 €
22	VALE DE 20 € PARA RESTAURANTE SAN ANDRÉS	20 €
23	VALE DE 50 € DE GADIS	50 €
24	VALE DE 50 € DE ARMERÍA BELAMI	50 €
25	VALE DE 50 € DE ÓPTICA OLLOS	50 €
26	VALE DE 50 € PARA RESTAURANTE OS ARCOS	50 €
27	VALE DE 50 € DE JAVIER MODA	50 €
28	VALE DE 50 € DE LENCERÍA ALICIA	50 €
29	VELA ARTESANAL DE VERGAMOTA E 4 MELTS DE ROCIGARCÍA	20 €
30	VALE DE 20 € WANNA SNEAKERS	20 €
31	VALE DE 20 € DE CARNICERÍA PÉREZ	20 €
32	BILLETERA DE CORCHO NATURAL DE ISI	20 €
	<b>TOTAL 32 PREMIOS</b>	<b>1.500 €</b>

## REPARTO DE BOLETOS

O reparto de boletos efectuarase entre o 12 e o 30 de xuño de 2023 (ambos incluídos) nos comercios e empresas pertencentes á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO. Para que o boleto teña validez é imprescindible que estea **selado** polo establecemento emisor. Ademais é obrigatorio presentar os boletos en perfectas condicións e lexibles. Será criterio do responsable do establecemento comercial decidir o número de boletos a entregar a cada cliente segundo o volume de compra. O boleto está dividido en dúas partes: unha parte da papeleta é para o cliente e a matriz do boleto para o establecemento. As dúas partes teñen impreso o mesmo número, co que participan no sorteo.

As matrices serán recollidas pola organización a partir do 3 de xullo de 2023. É responsabilidade do establecemento comercial facilitar a entrega e/ou entregar as matrices á organización para a correcta realización do sorteo. O lugar designado para a entrega das matrices é a sede de ACEBE CCA localizada na Praza Mestre Xosé Dapena 1. Poderán ser entregadas ata o 6 de xullo de 2023 (en horario de 10.00 a 14.00 h.) A organización non se responsabiliza de calquera extravío ou perda de matrices por parte do establecemento comercial.

## SORTEO

Os premios adxudicaranse mediante un sorteo ante notario que se realizará o **10 de xullo de 2023** salvo causa de forza maior. Extraerase de entre o total das matrices recollidas un número gañador por cada un dos trinta e dous premios. O resultado do sorteo comunicarse a través do número de xullo da publicación "*Betanzos e a súa comarca*" e da páxina web [www.comerciodebetanzos.com](http://www.comerciodebetanzos.com).

## RECLAMACIÓN DOS PREMIOS

Para recoller os premios os posuidores dos boletos premiados deberán poñerse en contacto con ACEBE.CCA a través do número de teléfono 981774574 ou presencialmente na sede de ACEBE CCA localizada na Praza Mestre Xosé Dapena 1 de Betanzos (de luns a venres en horario de 10.00 a 14.00 h) antes do 28 de xullo de 2023 ás 14.00 h e deberán acreditar nese mesmo prazo a posesión do boleto premiado, que deberá de estar en perfectas condicións e lexible. En caso de non aparecer algún dos boletos premiados antes da data indicada o premio quedará en depósito para futuras campañas.

## CONDICIÓN XERAIS DO SORTEO

Os premiados ceden os seus dereitos de imaxe para as reportaxes fotográficas, informativas e promocionais en calquera soporte divulgativo relacionadas coa Campaña de verán 2023 de ACEBE.CCA.

**En ningún caso unha mesma persoa poderá resultar gañadora máis dunha vez no sorteo. Tampouco poderá resultar premiado máis dun boleto nun mesmo establecemento.**

Non poderán participar no sorteo o titular, os empregados ou ascendentes/descendentes directos do titular do establecemento emisor do boleto. Si poderán participar nos emitidos por outros establecementos asociados. Non poderán participar en ningún caso os empregados de ACEBE.CCA nin os membros da Xunta Directiva da Asociación. Os premios só poderán ser entregados a maiores de idade. No caso de que algún premiado sexa menor de 18 anos a entrega realizarase ós seus titores legais, que deberán acreditar documentalmente a súa condición.

Os premios son persoais e intransferibles, e non poderán canxearse polo seu valor en metálico.

Os concursantes poderán consultar as bases do presente sorteo durante o período no que estea vixente a promoción na páxina web [www.comerciodebetanzos.com](http://www.comerciodebetanzos.com).

A participación no sorteo implica a aceptación íntegra das bases.